

RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

En cumprimento da Resolución do 10 de setembro de 2024 (DOG nº 180, do 18 de setembro), da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos, comeza o proceso para a renovación parcial dos membros do consello escolar do Centro.

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO CENTRO	MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR QUE CORRESPONDE RENOVAR
<ul style="list-style-type: none">▪ A directora, que será a súa presidenta.▪ O xefe de estudos.▪ Cinco mestres/as, elixidos polo claustro.▪ Cinco representantes dos pais/nais de alumnos/as.▪ Un representante do persoal de administración e servizos.▪ Un concelleiro/a ou representante do concello.▪ A secretaria do centro, que actuará como secretaria do consello, con voz, pero sen voto.	<ul style="list-style-type: none">▪ Tres mestres/as, elixidos polo claustro.▪ Catro representantes dos pais/nais dos alumnos/as. Dous por renovación para catro anos e dous, por vacantes, para dous anos.▪ Un representante dos pais/nais proposto pola ANPA.▪ Un concelleiro/a ou representante do concello.▪ Un representante do persoal de administración e servizos.

A organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar estará a cargo da **XUNTA ELECTORAL**, integrada por:

- A directora do centro.
- Un mestre/a.
- Un pai/nai ou titor legal do alumnado.
- Un representante do persoal de administración e servizos.

O SORTEO PARA A ELECCIÓN DOS TRES MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DA XUNTA ELECTORAL SERÁ PÚBLICO, E LEVARASE A CABO O DÍA 18 DE OUTUBRO, VENRES, ÁS 11:30 h NA SALA DE MESTRES DO CENTRO

Ourense, 14 de outubro de 2024

A directora,



Asdo.: Manuela Robles García